

## **AO DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS**

### **SOBRE A AUTORIZACIÓN DE DEPARTAMENTOS DE SEGUNDAS LINGUAS ESTRANXEIRAS.**

O 24 de outubro de 2019 en nome da CIG-Ensino dirixinme ao Subdirector Xeral de Centros e Recursos Humanos tras a comunicación ao IES Barral de Pontearreas por parte da Inspección da decisión de eliminar o departamento de Portugués naquel centro, amosando o interese do sindicato polo tema e defendendo a continuidade dese departamento. A resposta foi que desde a Consellaría non se contemplaban os departamentos de segundas linguas. Esta mesma situación vén de se producir neste inicio de curso 2020/21 no IES San Paio de Tui.

Na CIG-Ensino somos conscientes da limitación que figura no ROC dos IES, un Decreto claramente obsoleto en moitos aspectos e tamén na conformación dos departamentos, concretamente nos de linguas. Así, o texto do artigo 53.1 cita expresamente os departamentos didácticos que se poden constituír indicando que

*"segundo as ensinanzas impartidas no centro, poderanse constituír: artes plásticas, ciencias naturais, economía, educación física e deportiva, filosofía, física e química, formación e orientación laboral, **francés**, grego, **inglés**, latín, lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura, matemáticas, música, relixión, tecnoloxía, e xeografía e historia .*

*Poderán constituírse ademais departamentos doutras linguas estranxeiras, cando sexan impartidas como primeira lingua con reflexo no cadro de persoal do centro".*

A norma, como se pode apreciar, implica a día de hoxe unha discriminación entre o Francés e outras linguas estranxeiras. No ano 1996 esta redacción obedecía á realidade de estar o Francés moi estendido, como o está agora mesmo, cun elevado número de docentes e unha oferta en todos os centros e, aínda que naquela altura puidese non ser impartido como primeira lingua, garantíase o dereito a un mesmo trato. A día de hoxe calquera centro do país ten un departamento de Francés con independencia de que se imparta como primeira ou segunda lingua, algo co que a CIG-Ensino está totalmente de acordo.

Desde hai anos existen docentes de Alemán e mais recentemente de Portugués. Nalgúns centros a impartición de Portugués foi, por iniciativa do profesorado, ben anterior á creación da especialidade. A vontade expresada no Parlamento galego na tramitación e

aprobación da Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, mais coñecida como Lei Paz-Andrade era clara mais seis anos despois queda moito por facer para podermos concluír que a Consellaría de Educación pon todo da súa man para a difusión do Portugués como materia no noso sistema educativo. Recoñecer os plenos dereitos do profesorado que a imparte é un dese pasos. Agardo que coincida comigo en que o trato que se lle dá ao Portugués é, á vista dos feitos expostos, claramente discriminatorio, especialmente se temos en conta que nalgúns IES é moi numeroso o alumnado que cursa estes estudos.

Por iso, desde a CIG-Ensino solicítolle que a Dirección Xeral dite as instrucións necesarias para que se autorice a creación de departamentos de segundas linguas, nomeadamente Portugués e Alemán, con independencia dunha futura modificación do ROC. Neste sentido, a CIG-Ensino mostrase disposta a negociar, se así se considera, baixo que condicións e con que rango normativo se adoptaría esta medida.

Agardando se teña en conta esta proposta e se nos dea resposta dos pasos a dar, reciba un cordial saúdo.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2020

Xesús Bermello García  
Secretario Nacional CIG-Ensino

## RECIBO DE PRESENTACIÓN NO REXISTRO ELECTRÓNICO DA XUNTA DE GALICIA

A solicitude, escrito ou comunicación para Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado, presentada por XESUS ANTON BERMELLO GARCIA con NIF 32767003F tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia cos seguintes datos:

NÚMERO DE ENTRADA <b>2020/1824001</b>	DATA E HORA DA PRESENTACIÓN <b>22-09-2020 19:01</b>	DESTINO <b>DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS</b>
--	--	---

A seguinte táboa recolle un resumo electrónico da solicitude, escrito ou comunicación presentada e, se fose o caso, un índice e un resumo electrónico da documentación que se declara achegar:

Documento achegado	Nome do arquivo	Resumo electrónico do arquivo (Algoritmo SHA-256)
Solicitude	Solicitude-PR004A-20200922.pdf	095AA1F2AFC1213D7E9C4D0AC84656BA8DCC4464C85 34381971045DA6C86866C
Outros documentos acreditativos ou relativos a situacións	20200922 DX DEPARTAMENTOS SEGUNDAS LINGUAS.pdf	6172B08AC4A8C8DE0726D0DFBC2951A749868B371E1 ECAEC43D8DA02716F1C5E

